



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 JUL 2024 13:15:15

Entrada **34802**

Sobre a contaminación acústica da VG-20 ao seu paso polo barrio de Navia (Vigo)

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de adoptar medidas para paliar a contaminación acústica da VG-20 ao seu paso polo barrio de Navia (Vigo).**

O barrio de Navia en Vigo é unha das zonas que maior crecemento poboacional experimentou nos últimos anos, cunha poboación que se aproxima aos 10.000 habitantes e que supón ou 3,2% da poboación de Vigo. A área coñecida como PAU (Programa de Actuación Urbanística) conta con 3.732 vivendas e converteuse nuns dos núcleos de maior medre demográfico, especialmente xente nova.

A configuración deste barrio é a dunha illa situada non medio de distintas infraestruturas viarias. A súa planificación urbanística non estivo acompañada da articulación de medidas para lograr os necesarios estándares de calidade ambiental e de protección fronte ao ruído procedente das estradas.

No ano 2005 abríase a autovía de circunvalación VG-20, coñecida como cinto de Vigo, construída polo Ministerio de Transportes co propósito de comunicar a AP-9, a Universidade, ou Polígono Tecnolóxico e Loxístico (situado entre as parroquias de Beade e Valadares) coa terminal portuaria de Bouzas.

Unha autovía que linda practicamente coas vivendas do barrio de Navia e que ten un elevado impacto acústico. Os veciños e veciñas levan anos queixándose dos altos niveis de ruído que provoca a constante circulación de tráfico, tamén vehículos pesados, nunha zona densamente poboada.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 JUL 2024 13:15:15

Entrada **34802**



Neste sentido é necesario sinalar que o informe “Revisión do mapa de ruído do Concello de Vigo”, elaborado por esa administración municipal no ano 2018 e cuxas conclusións están plenamente vixentes, recollía que o barrio de Navia xa soportaba un dos maiores índices de contaminación por ruído de toda a cidade. Devandito informe sinala como principais fontes de contaminación acústica nesta área as estradas VI-30 e singularmente a VG-20.

Ambas infraestruturas presentan velocidades límite superiores a 80 km/h e unha densidade de tráfico que ronda os 1.000 vehículos/hora durante tramos diúrnos e que no caso da VG-20 supera unha intensidade media de 15.000 vehículos diarios. En base a estes datos, o nivel de intensidade sonora recollido na contorna da VG-20 supera os 75 dBA en horario diúrno e os 70dBA no horario nocturno. Cifras alarmantes que se sitúan por riba dos límites máximos establecidos na normativa que estipula un límite de 60 dBA na franxa diúrna e 50 dBA na nocturna. En conclusión, os índices de contaminación acústica superan con moito os baremos estipulados e teñen consecuencias evidentes na saúde da poboación.

Ante a elevada contaminación acústica os veciños e veciñas deste barrio levan anos reclamando medidas para paliar a contaminación acústica das infraestruturas que os rodean, con especial atención ao soterramento da VG-20, unha medida sistematicamente desatendida por parte do Goberno competente e cuxa reivindicación motivou reiteradas emendas por parte do BNG na tramitación dos Orzamentos Xerais do Estado dos últimos exercicios.

A esta situación de partida engádese o novo desenvolvemento por parte da Xunta de Galiza do Plan Parcial de San Paio de Navia, correspondente aos polígonos 1, 2 e 3, que vai supoñer a urbanización dunha superficie de máis de 250.000 m² e a construción de 1.600 novas vivendas, o que supoñerá, como é evidente, un incremento dos índices de contaminación acústica nesta área e, tamén, unha maior cantidade de poboación afectada.

Neste mesmo sentido, cabe destacar o informe emitido no ano 2021 pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta de Galiza sobre o proxecto de desenvolvemento do Plan Parcial de Navia, e que expresaba tamén a



necesidade de actuar sobre os elevados niveis de contaminación acústica. “A presenza de importantes infraestruturas viarias someten ao ámbito a unha elevada afección acústica, tal e como mostran os mapas de ruído asociados á autovía VG-20”, sinalase literalmente no citado informe.

A contaminación acústica da VG-20 en Navia converteuse nun serio problema que levou á veciñanza para propoñer o soterramento da autovía na presentación de máis de 2.000 alegacións ao Plan Parcial de Navia. Ao longo dos anos propuxéronse varias solucións sendo o soterramento a fórmula preferida dado que, non só reduciría o ruído, senón que permitiría ampliar as zonas verdes e humanizar a área, ademais de posibilitar o tránsito peonil seguro e pór fin a unha discontinuidade urbana que na práctica illa dous barrios lindeiros tan importantes como son os de Coia e Navia.

O pasado mes de abril o ministro de Transportes e o alcalde de Vigo mantiveron unha reunión para abordar diversos temas en materia de infraestruturas da cidade, entre eles a esperada solución á contaminación acústica da VG-20 en Navia. Acordouse a necesidade de estudar fórmulas técnicas para articular mecanismos de insonorización. O ministro de Transportes afirmou a necesidade de facer un estudo para a insonorización de toda a área, pero non concretou prazos. É preciso que o Ministerio abra unha liña de diálogo cos veciños e veciñas a fin de analizar e considerar as posíbeis alternativas e escoitar as súas demandas.

É urxente que se aborde o problema e se articulen medidas que permitan mellorar a calidade de vida dos miles de persoas deste populoso barrio de Vigo. Require de axilización e decisión por parte do Ministerio para paliar a grave contaminación acústica que incide na actividade diaria e no descanso nocturno da veciñanza.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que disposición ten o Ministerio de Transportes a iniciar canto antes os estudos necesarios para a adopción de solucións técnicas destinadas a



- paliar o impacto acústico da autovía GV-20 ao seu paso polo barrio de Navia (Vigo)?
2. Está disposto a fixar un prazo máximo de seis meses para a elaboración dos estudos destinados a procurar fórmulas técnicas de insonorización?
 3. Vai incluír entre as opcións para considerar a elaboración dun proxecto de soterramento da VG-20 no tramo que vai paralelo ao barrio de Navia de maneira que non só redúzase a contaminación acústica senón que tamén se poida humanizar o espazo e mellorar a conexión entre os barrios de Navia e Coia?
 4. Vai dialogar coa veciñanza para escoitar as súas demandas?
 5. Ten previsto habilitar partidas específicas nos Orzamentos Xerais do Estado do próximo exercicio para este fin? Que disposición ten o Ministerio de Transportes a iniciar canto antes os estudos necesarios para a adopción de solucións técnicas destinadas a paliar o impacto acústico da autovía GV-20 ao seu paso polo barrio de Navia (Vigo)?

Madrid, a 29 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de adoptar medidas para paliar la contaminación acústica da VG-20 a su paso por el barrio de Navia (Vigo).**

El barrio de Navia en Vigo es una de las zonas que mayor crecimiento poblacional experimentó en los últimos años, con una población que se aproxima a los 10.000 habitantes y que supone o 3,2% da población de Vigo. El área conocida como PAU (Programa de Actuación Urbanística) cuenta con 3.732 viviendas y se convirtió en uno de los núcleos de mayor crecimiento demográfico, especialmente gente joven.

La configuración de este barrio es la de una isla ubicada en medio de distintas infraestructuras viarias. Su planificación urbanística no estuvo acompañada de la implementación de medidas para lograr los necesarios estándares de calidad ambiental y de protección frente al ruido procedente das carreteras.

En el año 2005 se abría la autovía de circunvalación VG-20, conocida como cinturón de Vigo, construida por el Ministerio de Transportes con el propósito de comunicar la AP-9, la Universidad, el Polígono Tecnológico y Logístico (situado entre las parroquias de Beade y Valadares) con la terminal portuaria de Bouzas.

Una autovía que linda prácticamente con las viviendas del barrio de Navia y que tiene un elevado impacto acústico. Los vecinos y vecinas llevan años quejándose dos altos niveles de ruido que provoca la constante circulación de tráfico, también vehículos pesados, en una zona densamente poblada.



En este sentido es necesario señalar que el informe “Revisión del mapa de ruido del Ayuntamiento de Vigo”, elaborado por esa administración municipal en el año 2018 y cuyas conclusiones están plenamente vigentes, recogía que el barrio de Navia ya soportaba uno de los mayores índices de contaminación por ruido de toda la ciudad. Dicho informe señala como principales fuentes de contaminación acústica en esta área las carreteras VI-30 y singularmente la VG-20.

Ambas infraestructuras presentan velocidades límite superiores a 80 km/h y una densidad de tráfico que ronda os 1.000 vehículos/hora durante tramos diurnos y que, en el caso de la VG-20, supera una intensidad media de 15.000 vehículos diarios. En base a estos datos, el nivel de intensidad sonora recogido en el entorno da VG-20 supera los 75 dBA en horario diurno y los 70dBA en horario nocturno. Cifras alarmantes que se sitúan por encima de los límites máximos establecidos en la normativa que estipula un límite de 60 dBA en la franja diurna y 50 dBA en la nocturna. En conclusión, los índices de contaminación acústica superan con mucho los baremos estipulados y tienen consecuencias evidentes en la salud da población.

Ante la elevada contaminación acústica los vecinos y vecinas de este barrio llevan años reclamando medidas para paliar la contaminación acústica das infraestructuras que os rodean, con especial atención al soterramiento da VG-20, una medida sistemáticamente desatendida por parte del Gobierno competente y cuya reivindicación motivó reiteradas enmiendas por parte del BNG en la tramitación de los Presupuestos Generales del Estado de los últimos ejercicios.

A esta situación de partida se añade el nuevo desarrollo por parte de la Junta de Galiza del Plan Parcial de San Paio de Navia, correspondiente a los polígonos 1, 2 y 3, que va a suponer la urbanización de una superficie de más de 250.000 m² y la construcción de 1.600 nuevas viviendas, lo que supondrá, como es evidente, un incremento de los índices de contaminación acústica en este área y, también, una mayor cantidad de población afectada.



En este mismo sentido, cabe destacar el informe emitido en el año 2021 por la Dirección General de Calidad Ambiental da Xunta de Galiza sobre el proyecto de desarrollo del Plan Parcial de Navia, y que expresaba también la necesidad de actuar sobre los elevados niveles de contaminación acústica. “La presencia de importantes infraestructuras viarias someten al ámbito a una elevada afectación acústica, tal y como muestran los mapas de ruido asociados a la autovía VG-20”, se señala literalmente en el citado informe.

La contaminación acústica da VG-20 en Navia se convirtió en un serio problema que llevó al vecindario para proponer o soterramiento da autovía en la presentación de más de 2.000 alegaciones al Plan Parcial de Navia. A lo largo de los años se han propuesto varias soluciones siendo el soterramiento la fórmula preferida dado que, no solo reduciría el ruido, sino que permitiría ampliar las zonas verdes y humanizar el área, además de posibilitar el tránsito peatonal seguro y poner fin a una discontinuidad urbana que, en la práctica, aísla dos barrios colindantes tan importantes como son los de Coia y Navia.

El pasado mes de abril el ministro de Transportes y el alcalde de Vigo mantuvieron una reunión para abordar diversos temas en materia de infraestructuras da ciudad, entre ellos la esperada solución a la contaminación acústica da VG-20 en Navia. Se acordó la necesidad de estudiar fórmulas técnicas para articular mecanismos de insonorización. El ministro de Transportes afirmó la necesidad de hacer un estudio para la insonorización de toda el área, pero no concretó plazos. Es preciso que el Ministerio abra una línea de diálogo con los vecinos y vecinas con el fin de analizar y considerar las posibles alternativas y escuchar sus demandas.

Es urgente que se aborde el problema y se articulen medidas que permitan mejorar la calidad de vida de los miles de personas de este populoso barrio de Vigo. Requiere de agilidad y decisión por parte del Ministerio para paliar la grave contaminación acústica que incide en la actividad diaria y en el descanso nocturno del vecindario.

Por los motivos expuestos, o BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:



1. ¿Qué disposición tiene el Ministerio de Transportes a iniciar lo antes posible los estudios necesarios para la adopción de soluciones técnicas destinadas a paliar el impacto acústico de la autovía GV-20 a su paso por el barrio de Navia (Vigo)?
2. ¿Está dispuesto a fijar un plazo máximo de seis meses para la elaboración de los estudios destinados a procurar fórmulas técnicas de insonorización?
3. ¿Incluirá entre las opciones para considerar la elaboración de un proyecto de soterramiento da VG-20 en el tramo que va paralelo al barrio de Navia de manera que no solo se reduzca la contaminación acústica sino que también se pueda humanizar o espacio y mejorar la conexión entre los barrios de Navia y Coia?
4. ¿Dialogará con el vecindario para escuchar sus demandas?
5. ¿Ha previsto habilitar partidas específicas en los Presupuestos Generales del Estado del próximo ejercicio para este objeto? ¿Qué disposición tiene el Ministerio de Transportes a iniciar lo antes posible los estudios necesarios para la adopción de soluciones técnicas destinadas a paliar el impacto acústico de la autovía GV-20 a su paso por el barrio de Navia (Vigo)?

Madrid, a 29 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso